

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA CELEBRACIÓN DE MATRIMONIOS CIVÍS**

### **Artigo 1.- Natureza e Fundamento legal**

De conformidade co previsto nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, no artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local, e nos artigos 15 a 27 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello de Covelo establece a taxa pola prestación do servizo de celebración de matrimonios civís nas dependencias municipais ou outras designadas ó efecto.

### **Artigo 2.- Feito Impoñible**

1. Constitúe o feito imponible desta taxa a actividade administrativa desenrolada como consecuencia da prestación dos servizos asociados á celebración de matrimonios civís a instancia da parte interesada.
2. Non se inclúe nesta taxa a tramitación do expediente gubernativo previo ao matrimonio civil nin a posterior expedición do Libro de Familia.

### **Artigo 3.- Suxeito pasivo**

Os suxeitos pasivos contribuíntes son os contraentes, que quedan obrigados de modo solidario ó seu pagamento, por si mesmos ou ben polos seus representantes.

### **Artigo 4.- Cota tributaria**

As cantidades que se fixan por cada casamento son as seguintes:

- a) Para o caso de que ambos contraentes, ou polo menos un deles, constasen inscritos no Padrón municipal de habitantes de Covelo dende un ano antes, polo menos, á data de presentación da solicitude: 50 euros.
- b) Nos demais casos: 100 euros.

## **Artigo 5.- Devengo e Ingreso**

1. A obrigaón de pagamento da taxa regulada nesta ordenanza nace no momento no que se inicia a prestación do servizo, entendéndose por tal a prestación da solicitude no Rexistro Xeral do Concello.
2. Os solicitantes do servizo están obrigados a presentar a pertinente declaración nos impresos habilitados ó efecto polo Concello e a realizar o ingreso da liquidación resultante na Tesourería Municipal ou nas entidades bancarias debidamente autorizadas, o que se deberá acreditar tamén no momento de presentar a correspondente solicitude.
3. No suposto de que con posterioridade á presentación da solicitude, e antes da comunicación da fixación da data da cerimonia, os solicitantes desistisen do servizo solicitado, procederase á devolución do 75% do importe sinalado no artigo 4 desta ordenanza.

## **Artigo 6.- Exencións e bonificacións**

Establécese unha bonificación do 50% da tarifa da taxa naqueles casos en que no momento de presentación da solicitude ambos contraentes perciban retribucións que non alcancen 1,1 veces do salario mínimo interprofesional, previa acreditación documental deste extremo por parte dos contraentes.

## **Artigo 7.- Infraccións e sancións tributarias**

En todo o relativo ás infraccións tributarias desta ordenanza e á súa cualificación, así como ás sancións que procedan, aplicarase o disposto na Lei Xeral Tributaria e a restante normativa de aplicación.

## **Artigo 8.- Normas de xestión**

1. Sen prexuízo da manifestación da vontade dos contraentes –segundo a normativa do Rexistro Civil-, para que o enlace sexa autorizado polo alcalde ou concelleiro en que delegue, deberase formulala solicitude na que conste o nome, apelidos e DNI de cada contraente, así como o seu lugar de residencia e teléfono de contacto e/ou correo electrónico. Tamén deberá constar a data e hora elixida para a cerimonia, así como, a elección do alcalde/sa ou

concelleiro/a que celebrará o enlace, que se terán en conta dentro da dispoñibilidade existente.

2. Esta solicitude presentárase no Rexistro Xeral do Concello, cunha antelación mínima de 15 días ao da celebración do enlace, mediante escrito asinado por un dos contraentes, ou polo seu representante, dirixido ó alcalde e acompañado dos seguintes documentos:

-Xustificante do ingreso da taxa.

-Fotocopia do DNI das dúas persoas que vaian a exercer de testemuñas do matrimonio.

-Escrito de datos dos contraentes.

-En caso de estar empadroados no Concello de Covelo, deberán achegar o certificado de empadramento.

### **Artigo 9.- Resolución**

O/A alcalde/sa ou concelleiro/a en quen delegue resolverán sobre a solicitude, fixando a data e hora de celebración do matrimonio civil e notificaranllo aos interesados/as.

### **Artigo 10.- Acto de celebración**

No acto de celebración do matrimonio, unha vez cumprimentadas as formalidades previstas na normativa vixente, estenderase, por triplicado exemplar, un acta que deberá ser asinada polo/a alcalde/sa ou concelleiro/a delegado/a autorízante, así como polos contraentes e testemuñas. Un dos exemplares entregaranse aos contraentes. Outro remitirase con carácter inmediato ao Xulgado de Paz de Covelo coa finalidade de que se inscriba o matrimonio no Rexistro Civil e se faga entrega aos casados do Libro de Familia. O terceiro exemplar quedará no expediente do Concello.

### **Artigo 11.- Ornamento e limpeza**

1. Cando o desexen, os/as contraentes poderán ornamentar e acondicionar o Salón de Actos ou a Sala de Xuntas do Concello, sendo do seu cargo os gastos que de elo se deriven. Deberán comunicalo coa debida antelación para resolver o que proceda.

2. Co fin de garantir a limpeza e decoro das dependencias municipais do Concello, os/as contraentes e convidados/as ao enlace absteranse de lanzar arroz ou similares no interior do edificio.

## **DISPOSICIÓN FINAL**

1. No non previsto especificamente nesta Ordenanza, estarase á normativa vixente.
2. A presente Ordenanza fiscal entrará en vigor, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, o día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte ao da súa publicación, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.